


**MODIFICACIÓN PROGRAMACIÓN**  
**3º TRIMESTRE**  
**4º EDUCACIÓN INFANTIL**  
**CURSO 2019/2020**  
**CEIP DE ARZÚA**

**MESTRAS:**

- ALICIA CASAL NEIRA
- IRIA PETEIRO REY



MODIFICACIÓN PROGRAMACIÓN  
3º TRIMESTRE  
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)  
CURSO 2019/2020  
CEIP DE ARZÚA

1. INTRODUCCIÓN.
2. METODOLOGÍA UTILIZADA NO TERCEIRO TRIMESTRE.
3. ACTIVIDADES DE REFORZO E REPASO REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE.
4. AVALIACIÓN.
5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Educación Infantil constitúese, desde os primeiros cursos, como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e das nenas no desenvolvemento global de todas as súas capacidades (desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual)

Por iso, a nova ordenación educativa xurdida a partir da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, considera a Educación Infantil unha etapa educativa con entidade propia e carácter voluntario.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou o 27 de abril as Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: o profesorado continuará coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua. As actividades do terceiro trimestre débense centrar nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deben desenvolver os pequenos/as. Serán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación de aprendizaxes anteriores.

Por circunstancias do Covid-19 e atendendo a ditas instrucións, as mestras de 4º de Educación Infantil procedemos a modificar os aspectos referentes ao 3º trimestre da nosa programación, unha programación aberta e flexible que en todo momento atende ás diferentes necesidades dos 32 nenos e nenas aos que vai dirixida.

## **2. METODOLOXÍA EMPREGADA NO TERCEIRO TRIMESTRE**

Durante este terceiro trimestre do curso escolar 2019/20 a metodoloxía a seguir estará baseada no xogo como estratexia de intervención e procurarase levar a cabo nun ambiente motivador e de confianza, onde nós como titoras intercambiaremos continuamente información coas familias do alumnado.

A interacción levarase a cabo tendo en conta os seguintes principios metodolóxicos: flexibilidade, actividade, individualización, afectividade, globalización e socialización.

As aprendizaxes que pretendemos que o alumnado desenvolva diríxense cara a realización de propostas enmarcadas en diferentes contextos de aprendizaxe, vinculados coa realidade que estamos a vivir e de forma globalizada.

O primeiro que fixemos as titoras foi detectar posibles necesidades entre o noso alumnado de 4º de Educación Infantil posto que o Concello de Arzúa puxo en marcha o servizo de impresión e entrega a domicilio de material educativo en colaboración co CEIP de Arzúa.

Tamén recolleemos información para coñecer o grao de conectividade do alumnado. Tódolos nenos e nenas poden conectarse a internet en maior ou menor medida (ordenadores, tabletas e teléfonos móbiles). Onde atopamos maiores carencias é na posibilidade de imprimir materiais. De aí que case a totalidade das propostas non requiren ser impresas.

Semanalmente, as titoras facilitamos ás familias unha serie de recursos e actividades para a estadía na casa.

Recalcamos que se trata de actividades voluntarias abertas á propia interpretación e adaptación.

### **3. ACTIVIDADES DE REFORZO, REPASO E AMPLIACIÓN LEVADAS A CABO.**

Por estar en 3 anos descartamos as actividades de ampliación de aprendizaxes posto que continuaremos traballando co alumnado en 4 e 5 anos.

O que propoñemos ou facilitamos ás familias é, semanalmente, unha serie de recursos e actividades voluntarias.

Deste xeito, e de forma globalizada, os nenos e nenas seguen traballando dende as súas casas tódalas competencias.

Exemplos de actividades (clasificadas por competencias):

#### *- Competencia en comunicación lingüística*

Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións, e gozar escoitando ou expresándose de forma oral.

Levar a cabo actividades de escoita e comprensión de contos, lendas, poesías, adiviñas, trabalinguas, etc. As familias deben crear un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

#### *- Competencia matemática*

O xogo e a manipulación de obxectos proporcionan diversas oportunidades para establecer conexións, clasificar, seriar, practicar o reconto, a comparación, a estimación, etc. Hai centos de propostas de actividades neste senso: buscar obxectos que teñan diferentes formas xeométricas, facer series con diferentes alimentos, etc.

#### *- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico*

Aínda que temos que estar confinados, podemos traballar esta competencia de moitas formas: chegou a primavera e podemos ver os cambios que se producen na natureza dende as nosas fiestras, observar o tempo e rexistralo, traballar co calendario (que día é?, cantos días faltan para...?, etc.)

Por outra parte, afondamos no coñecemento do Covid-19. Son moitos os contos, experimentos e vídeos explicativos deste virus cos que traballaron os nosos pequenos e pequenas.

Propoñemos actividades nas que despertamos o espírito crítico na observación, iniciando ao alumnado no pensamento científico e potenciando as súas habilidades de investigación: formular interrogantes, recoñecer evidencias, observar, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

- *Tratamento da información e competencia dixital*

Podemos dicir que estamos ante a competencia chave nesta situación de emerxencia sanitaria. Sen esta competencia non sería posible realizar esta labor. Mediante a utilización do ordenador e doutros medios audiovisuais (tabletas, móbiles, televisores,...) os nenos e as nenas están aprendendo a acender e apagar equipos informáticos, abrir e pechar xanelas, identificar e entender o significado das iconas (skype, webex, ...)

- *Competencia social e cidadá*

Ante a nova normalidade, son moitos os aspectos que procuramos traballar telematicamente neste senso: os máis pequenos e pequenas deben aprender as novas normas cidadás: gardar distancias sociais, evitar dar abrazos, empregar máscaras en servizos públicos... observar o comportamento da cidadanía, ser críticos, ser capaces de empatizar e de comprender o punto de vista dos demais. Tamén se contempla a valoración das diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres (por exemplo, no 1 de maio: Día do Traballo)

- *Competencia cultural e artística.*

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas. Neste confinamento son moitos os veciños/as que saen aos balcóns a mostrar o seu talento: tocando instrumentos musicais, cantando, ... Tamén foron moitos os nenos e nenas que penduraron do seu balcón debuxos, notas de ánimo... As mestras de 3 anos propuxemos ao noso alumnado diferentes tarefas neste aspecto: debuxar un arco da vella e procurar escribir unha mensaxe fermosa, facer xogos tradicionais con material de refugallo (tres en raia, chapas...), Tamén propuxemos traballo con diferentes técnicas plásticas (colorear, recortar,

puntear, repasar debuxos, manualidades...) para estimular o gusto e o interese dos nenos e das nenas por experimentar con distintos materiais e gozar do pracer de observar as súas propias creacións.

As diferentes conmemoracións que marca o calendario escolar tamén se están a traballar dende as casas. Así, por exemplo, para o Día Internacional contra o Acoso Escolar traballamos co conto "Oreillas de bolboreta".

- *Competencia en autonomía e iniciativa persoal*

Son moitas as actividades e recursos que facilitamos ás familias no referente á mellora da autonomía persoal: facer transvases empregando culleres e pinzas, explotar burbullas, introducir gomas elásticas en tubos, abotoar, etc.

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, estas quedaron suspendidas ou aprazadas ao vindeiro curso.

#### **4. AVALIACIÓN**

Na Educación Infantil a avaliación é global, continua e formativa e debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

Tal e como recollen as instrucións do 27 abril, neste terceiro trimestre é imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos nenos e nenas como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Os criterios da avaliación flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución xeral dos obxectivos da etapa.

En posteriores reunións, as titoras concretaremos os ítems a avaliar neste terceiro trimestre (só uns 4-5 ítems).

Tamén avaliaremos, ademais dos procesos de aprendizaxe, a nosa propia práctica educativa.

## **5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A Educación Infantil debe fundarse nunha canle de mutua colaboración familia-mestras. De aí que procuramos establecer opcións variadas para facilitar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

- Contacto cotiá (a través dos diferentes servizos de mensaxería dos teléfonos móbiles persoais e correos electrónicos) para a achega de proposta de materiais, de información de interese e de calquera outra cuestión sobre a que as familias teñan dúbida.
- Publicidade: páxina web do centro e blog (<https://asestrelasdearzua.blogspot.com/>)

En Arzúa, a 7 de maio do 2020

Alicia Casal Neira

Iria Peteiro Rey